



**Punto de lectura en
Arantei, Salvaterra**

Páxina 2

**Ponteareas,
consternado polo
pasamento do ex
alcalde Xosé Represas**

Páxina 5

**Galician Brew,
Foncalgás Xinzo e
Guillermo Rodríguez,
Premios "Ponteareas,
Lingua e Empresa"**

Páxina 9

**SD Juvenil e CDC Areas
clasifícanse para a fase
de ascenso a Terceira**

Páxina 10

**AporM e PP votan en
contra de reclamar a
conexión á EDAR de
Mondariz-Balneiro**

Páxina 11

**Sae a concurso a
explotación do
Camping da Cañiza**

Páxina 13



Cristina Fernández Davila, nova alcaldesa de Ponteareas

Entrevista en páxinas 6 e 7

Portugal - Alto Minho

**Ferry de Caminha vai
continuar parado por
tempo indeterminado**

Páxina 14

**Presentação do livro
sobre os
monçanenses na
colonização do Brasil**

Páxina 14

**Festival Internacional
de Jardins de Ponte
de Lima arrancou**

Páxina 15

**Praia de Moledo
é a que tem
maior lotação no
Alto Minho**

Páxina 15



Servizos técnicos forestais
e obra do rural

Azorin, 9 Estudo - 36860 PONTEAREAS
Tlef. 986 078 071

Bicimecânica
Toñi Porto

Horario: 10:00h a 13:30h - 16:00h a 20:00h



Rúa Esperanza, 10 - PONTEAREAS
Telf: 986 18 24 65 - trporto@hotmail.com

CONDADO/PARADANTA

SALVATERRA DE MIÑO

Salvaterra de Miño coa conciliación

O Concello de Salvaterra de Miño presenta o campamento de conciliación familiar para os meses de xullo e agosto de 2021.

Despois deste último ano tan difícil a nivel sanitario, onde os máis cativos nos deron unha lección moi importante á hora de adaptarse e cumprir as normas sanitarias, e unha vez que as mesmas restricións se están flexibilizando, o Concello de Salvaterra, tal e como viña facendo nos últimos anos, cunha aposta clara e comprometida ante a conciliación familiar, presenta ou

CAMPUS DE VERÁN, baixo o lema Días de Feira.

Amplíase o horario ofertando nos anos anteriores con aula matinal e comedor, ademais darase prioridade as familias monoparentais e onde os dous pais estean traballando.

Este ano debido as obras que se realizarán no verán no CEIP Plurilingüe Infante Felipe de Borbón, o campus de verán trasladarase ao CEIP de Leirado, coa finalidade de buscar un espazo que se adapte a situación sanitaria.

O Campus vai destinado a nen@s de entre 4 e 12 anos, os

meses de xullo e agosto, en horario de 8.45 a 14.15 h. Ademais este ano ofertarase tamén o servizo de aula matinal dende as 7.30 h e comedor ata as 16.00 h, co cal o campus de verán ofertaría un horario global de 7.30 a 16.00 h, para os nenos e nenas nados entre os anos 2009 e 2017, co fin de axudar na conciliación da vida familiar e laboral, unha liña de traballo na que este Concello ven traballando dende hai moitos anos.

A selección será por orde de entrada en rexistro como todos os anos e terán prioridade os nen@s cuxos pais traballen nese



horario e familias monoparentais.

As inscricións estarán abertas do 3 ao 17 de xuño.

As inscricións poderán descargarse desde a páxina web ou vir a por elas ao Concello, é moi importante ler as bases e achegar a

documentación necesaria.

Máis información non Concello de Salvaterra de Miño ou en <http://www.concellodesalvaterra.com> Inscricións non rexistro do Concello ou <https://concellodesalvaterra.sedelectronica.gal>

Punto de lectura en Arantei

O Concello de Salvaterra de Miño en colaboración coa Asociación de veciñas e veciños de Arantei pon en funcionamento un punto de lectura e de intercambio de libros, no que era a antiga escola da parroquia, que foi rehabilitada nos últimos anos polo Concello, e que agora mesmo é a sede desta Asociación.

Con esta actuación en conxunto o que se busca é achegar a lectura ás parroquias. Este espazo estará xestionado pola Asociación coa doazón de libros por parte da Biblioteca Municipal e de diversos veciños e veciñas, xa que todos aqueles que queiran poderán in-



tercambiar ou simplemente doar aqueles libros que xa non utilicen, para que outros poidan desfrutar dos mesmos.

Este punto de lectura está situado na planta baixa deste edificio tan emblemático para a parroquia, que foi adquirido polo Concello e

adaptado a edificio escolar coa cooperación do pobo, datada no ano 1929, e que fai un par de anos foi rehabilitado polo Concello para darlle un uso social.

Estará aberto polas tardes os luns, mércores e venres de 18.00 a 21.00h.

Plazo de alegacións do inventario municipal de bens e dereitos do Concello de Salvaterra

O Concello de Salvaterra de Miño aprobou no Pleno do 29 de marzo de 2021 a aprobación inicial do Inventario Municipal de Bens e Dereitos do Concello de Salvaterra, onde se recolle entre outros a definición de camiños públicos e bens municipais.

O prazo de alegacións ao Inventario Municipal está aberto ata o 16 de xuño.

A situación sanitaria imposibilita que se poidan facer

reunións nas parroquias informando do mesmo, polo que dende o Concello púxose a disposición de todos os seus veciños e veciñas o inventario para revisar e presentar as alegacións pertinentes na páxina web do Concello (ftp://ftp1.concellodesalvaterra.gal/INVENTARIO/INV_PDF/ - utilizar navegador explorer ou mozilla), ademais os mapas e as fichas estarán a disposición no Salón de Plenos ou en secretaria do Concello.



Capital histórica do Condado

CONCELLO DE
SALVATERRA DE MIÑO

A alcaldesa de Salvaterra asistiu á presentación do carnet “Condado- Paradanta”

Marta Valcárcel asistiu en Ponteareas, á presentación desta nova iniciativa xestionada polo GDR e a valorou como moi positiva de cara a dinamizar o turismo e fidelizar visitantes e clientes

Son moitos os atractivos da zona do Condado Paradanta, cun nutrido patrimonio cultural, enclaves naturais e etnográficos, festas gastronómicas, terra de viños de gran calidade, festas de Interese Turístico Internacional como o Corpus de Ponteareas, a do Requeixón e a Mel das Neves ou a do Viño de Salvaterra.

Con este pasaporte o turista e visitante pode acceder a unha selección de exclusivas propostas e experiencias únicas, en locais emprazados nos municipios deste xeodestino, que o co-

nectarán co noso territorio. Esta iniciativa singular e única en Galicia permite aos seus usuarios acceder a unha cuidada selección de 24 propostas exclusivas en empresas turísticas da zona. Os usuarios deben facerse cunha copia física do Pasaporte, nos establecementos que forman parte deste proxecto, e completar os seus datos no recadro correspondente para iso.

Unha vez estea activo o documento, cómpre reservar con antelación naquel establecemento ou servizo do que se queira desfrutar avisando que se é usuario do Pasaporte. Cada vez que o documento se empregue nun local ou establecemento, este debe selar o recadro correspondente.

Unha vez se complete o número de recadros necesarios para participar nun



dos sorteos, os usuarios han de enviar a folia de datos debidamente cumprimentada ao WhatsApp 986 663 329 e contestar a enquisa que obteñen do escaneo do Código QR. Deste xeito poderán entrar no sorteo de agasallos, experiencias únicas ou produtos/servizos de diverso tipo que farán a súa estancia nesta zona de Galicia inesquecible.

Salvaterra de Miño Vila Milenaria

O pasado 24 de maio conmemorouse o Milenario da Vila de Salvaterra de Miño. Con motivo deste día o Concello de Salvaterra de Miño convidou aos seus veciños e veciñas, e a todos os que o quixeron, os días 28, 29 e 30 de maio a pasar un día ameno e divertido coñecendo a súa historia. Para iso o Concello deseñou uns mapas mediante os cales se podían atopar algúns dos monumentos, e cos que se podía facer un pequeno percorrido para gozar da parte histórica e do río. Unha actividade familiar moi divertida e amena, na que tanto pequenos como maiores puideron participar.

Estes mapas podían descargarse da páxina web do Concello ou pedir na oficina de turismo.

Quen se animou a facelo tivo un pequeno agasallo que recolleron na Oficina de Turismo sita no Castelo de Dona Urraca, no Recinto Amurallado.



Empezan as obras de asfaltado de camiños municipais en Cristo (Meder) e Barreiros (Porto)

O Concello de Salvaterra de Miño informa que veñen de iniciar as obras de mellora de firme nos camiños municipais de Cristo – Meder e Barreiros – Porto, que se acometen ao abeiro do Plan de Infraestruturas Rurais da Xunta de Galicia.

Trátase de dúas obras de asfaltado en camiños municipais, por un lado en Cristo (Meder) onde se realizará unha limpeza de marxes con apertura de cunetas ao longo dos 614 metros de actuación para seguidamente estender e compactar unha capa de 5 cm de espesor de

mestura bituminosa en quente nunha superficie de 2.807m². Do mesmo xeito farase a limpeza de marxes e apertura de cunetas nos 195 m do camiño de Barreiros (Porto) para posteriormente votar a capa de mestura bituminosa nos seus 585m².



Tlf.: 986 65 80 18
Fax: 986 65 82 69
Móbil: 608 88 01 23

Chan da Salgosa. Oleiros
Salvaterra de Miño

Aridos do Mendo, s.l.



Aridos e Formigóns

EDITORIAL

Falemos de liberdade



Esta palabra é de orixe latina: *libertas, libetatis* (creo que neutro da terceira, como se dicía naqueles tempos en que nos primeiros cursos de bacharelato se estudiaba latín. Agora non; agora parece que co inglés xa temos bastante). Eu debo confesar que de inglés non sei unha papa, aínda que na familia os meus fillos todos falan inglés, a súa maneira claro. O meu é, como se dicía, o idioma da diplomacia: o francés. Aí aínda me defendo un chisco. Significa “o que xurídica e politicamente é libre de actuar”

No seu libro “Los enemigos íntimos de la democracia”, T. Todorov, de orixe búlgaro, danos unha ampla descrición do termo liberdade. Segundo nos conta, no seu país segundo as necesidades de cada quen sufríase máis ou menos a falta de liberdade. Di que recen saído da universidade daba tímidos pasos escribindo en xornais, sentíndose especialmente orgullosos de si mesmo porque lle daba a impresión de ter sorteado a onnipotente censura. Decidiu citar a varios heroes da resistencia antifascista xa mortos que tiñan loitado contra a tiranía. A trampa consistía en finxir que estaba evocando o pasado para falar do presente recordando que se debe loitar

pola liberdade.

Dise que unha persoa é libre, que actúa con liberdade, cando pode obrar sen coaccións por parte doutros suxeitos. A liberdade leva implícito un enorme sentido da responsabilidade individual e social.

T. Todorov fala de que dando un salto de cincuenta anos e situándose na Europa actual se atopa cunha ceta perplexidade e inqueda ao comprobar que o termo liberdade pasou a ser o nome comercial de determinados partidos políticos. Iso que non asistiu á campaña de Isabel Ayuso nas eleccións pasadas da Comunidade de Madrid. Esta muller viu a deturpar o termo liberdade dunha maneira escandalosa. Libre para andar por Madrid e non atoparse co seu ex, libre de saír de noite e tomar cañas nunha terraza, etc. Que triste sentido da liberdade teñen algúns afeccionados a políticos! Así vai o País.

O escritor búlgaro segue dicíndonos que nun primeiro momento cría que a liberdade era un dos valores fundamentais da democracia, pero que co paso do tempo decatouse que determinados usos da liberdade poden supoñer un perigo para a propia democracia.

O exercicio da liberdade require dispor dunha boa información para estar en con-

dicións de facer unha boa elección. Canto máis informada estea unha persoa máis elementos vai ter para avaliar a súa toma de decisións.

Unha das liberdades que nestes momentos está máis en xogo é a “liberdade de expresión ou de opinión”. Todos temos o dereito de expresar as nosas opinións, as nosas ideas e sentimentos dentro das normas de respecto a unha sa convivencia. Este dereito de expresión e de opinión está consagrado no artigo 19 da Declaración dos Dereitos Humanos.

A liberdade de prensa consagra os dereitos dos medios de comunicación a divulgar a información oportuna e veraz á poboación sen censura nin manipulación. Este dereito de información é un dos máis importantes a defender porque está ameazada tanto polas forzas políticas como polas económicas e aínda polas relixiosas. Neste apartado podemos incluír a liberdade de crenzas relixiosas. Finalmente podemos citar a liberdade política como o dereito a participar na vida social e política dun país.

Aquí é onde T. Todorov se lamenta porque nestes momentos esteamos asistindo a unha praga de opcións políticas que utilizan o termo liberdade cando en realidade

o que esconden é “unha particular liberdade”. Aquí en España asistimos a publicas declaracións de políticos que parece naceron hoxe pero que xa veñen de antes, de cando soamente eran libres os que aceptaban os seus mandatos. Agora intentan convencer aos cidadáns que non son libres, que o goberno de turno os ten secuestrados cando en realidade o que pretenden é tentar derrubar ao goberno para ocupar o seu lugar, non para dotar aos cidadáns de maior liberdade.

Todo isto só ten unha lectura e unha solución: información seria e honesta; confrontación de ideas co ánimo de chegar a puntos de encontro. Dotarnos de ferramentas que todos poidamos manexar cando pretendemos expoñer as nosas ideas.

Non se deixen embaucar con cantos de serea. Pensen dúas veces no discurso ou slogan que tratan de meterlles no maxín. Logo, na tranquilidade do seu aposento, sos, sen ruídos nin altosfalantes removan esas ideas e comprobén se están de acordo cos seus sentimentos. Nada hai máis prexudicial que deixar que nos administren medicamentos que nós non solicitamos.

A Deputación referencia o seu apoio ao sector do libro coa súa participación nas catro feiras que se celebran este ano na provincia

A institución provincial promoverá a actividade da Escola de Letras e a súa programación de Avienta Cultura nas citas que se desenvolverán ata mediados de xullo nos concellos do Porriño, Redondela, Vigo e Ponteareas.

Os libros volven saír a rúa na provincia de Pontevedra nas catro Feiras do Libro

de Porriño, Redondela, Vigo e Ponteareas. A Deputación, no marco do seu firme respaldo ao sector cultural, vai estar presente nestas catro mostras que, impulsadas pola Federación de Librarías de Galicia, teñen como principais obxectivos fomentar o hábito da lectura, dar visibilidade a autoras e autores da nosa escrita, promover o uso da lingua galega, e dinamizar o

mercado editorial.

Nas catro feiras a Deputación vai contar cun stand institucional no que visibilizará as numerosas accións culturais e formativas que desenvolve para apoiar á escrita, de xeito especial a Escola de Letras. Así, o libro que recolle unha escolla de textos do alumnado do primeiro ano da Escola, “Tes cinco minutos #1”, será un dos eixos

centrais xunto a outras publicacións de Turismo Rías Baixas.

A primeira das feiras é a de O Porriño, do xoves 27 ata o 30 de maio. Posteriormente, terán lugar as de Redondela (do 17 ao 20 de xuño na Alameda), Vigo (do 1 ao 10 de xullo na rúa do Príncipe) e a de Ponteareas (do 15 ao 18 de xullo na praza Maior).



Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T. 658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Tradución e corrección: Montserrat Rodríguez
cursosspanhol.cep@gmail.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA)
T. 986 64 12 69 - x.foroapeneira@gmail.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.
Publicidade: Dpto. propio e axencias
x.foroapeneira@gmail.com

Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores: Luzro81@hotmail.com, Anxo S. Porto Ucha, Raquel, Carlos Méixome, Vázquez, Manuel X. Xiráldez, Fco. Puñal Suárez, X.A. Pérez Lema, Xosé González Martínez, Manuel Bragado, Baldomero Iglésias (Mero), Nicolás Xamardo, Nemesio Barxa, Andrea Goro, Anxo Mena, Inma Otero Varela, Manso Preto, Isabel Varela, Francisco Álvarez-KOKI.

Depósito legal: VG 226-2018

PONTEAREAS

0 Concello de Ponteareas, consternado polo pasamento do ex alcalde Xosé Represas

O equipo de goberno do Concello de Ponteareas vén de amosar a súa tristura e a súa profunda dor polo falecemento do ex-alcalde Xosé Represas. Nun pleno extraordinario se decretaron tres días de loito oficial. O executivo ponteareán destacou a entrega de Represas como alcalde ao servizo de Ponteareas e da súa veciñanza, así como a súa capacidade e a súa vocación de servizo público. "Represas foi unha persoa entrañábel, querida e apreciada por toda a veciñanza, por enriba das ideoloxías".

Xosé Represas Giráldez, natural da parroquia de Xinzo, era Diplomado en Empresariais pola Universidade de Vigo e traballou durante décadas nunha entidade financeira en Ponteareas. Foi membro da Corporación Municipal nos anos 1999 e 2000. Posteriormente, no ano 2007, accedeu novamente á Corporación, sendo concelleiro até a súa recente renuncia por motivos de saúde. No 2015 asumiu a alcaldía da localidade, que revalidou nas eleccións municipais 2019. Foi directivo da Comunidade de Montes de Xinzo e do seu Centro Cultural. Ocupou ademais

o cargo de Presidente da Asociación Forestal de Galicia.

O PSOE lamenta a perda

A portavoz municipal do PSOE, Chus Garrote, recoñeceu o "proxecto político de goberno de coalición" iniciado en 2015 no Concello de Ponteareas "capitaneado por Xosé Represas", e que permitise "avanzar en progreso e calidade de vida para os nosos veciños e veciñas". Garrote destacou igualmente as cualidades de Represas para acadar "o diálogo, atopar consensos e capacidade para ceder".

O PP traslada as condolencias

A portavoz do PP Belén Villar



manifestou "Hoxe é un día triste para Ponteareas polo falecemento de Xosé Represas, ex Alcalde. Unha persoa coa que compartimos moitos momentos nestes últimos anos, pontareán e home que quixo tra-

ballar polo noso pobo. Mais alá das diferencias ideolóxicas somos persoas e humanos, e non podemos menos que lamentar o seu falecemento e trasladarlle as nosas condolencias a súa familia.

Até sempre Pepe

Por Roberto Mera

Luns, 24 de maio de 2021. Hoxe Ponteareas amenceu cuberta por unha néboa de tristura e dor. Na escuridade da noite, a morte venceu ás ganas de vivir.

Implacábel e inclemente, así é sempre a morte. Pero cando chega antes de tempo e se leva por diante os soños pendentes convértese en cruel e inxusta. Hoxe, ao sentimento de perda que nos devora no máis fondo de nós mesmos, únese, inevitabelmente, a carraxe e rabia por unha morte que nos arrebatou a destempo e sen compaixón a Pepe Represas, o noso amigo e o noso Alcalde por sempre.

Nos últimos meses Pepe impresionounos pola súa coraxe e conmoveunos pola súa entereza. Día a día, nunha amarga conta atrás, descubrimos admirados que trala súa extraordinaria afabilidade e sinxeleza se agachaba a maior das valentías: a que dá a forza necesaria para enfrontar e plantar cara á morte. Durante semanas combateu contra ela denodadamente da mellor das maneiras posíbeis: repudiándoa e ignorándoa. Até os seus derradeiros días non abandonou os seus proxectos e ilusións, continuou conxugando os seus desexos en tempo futuro, seguíu facendo plans con nós, programándonos reunións e encontros, e acudindo á Casa do Concello empurrado por un ánimo incombustíbel que arrollaba á súa cada vez máis mermada fortaleza física.

Abrumado pola perda e a dor, a nostalxia abrolla e viaxo no tempo buscando as miñas máis vellas lembranzas de Pepe. Nesa procura chego a 1999, cando o século XX tocaba ao seu fin nunha escura Ponteareas que aínda amosaba as súas vergoñas na súa Praza Maior

cun obscuro monumento. Baixo o profético titular "Con ideas para o futuro" vexo ao mesmo Pepe valente e xeneroso destes días, dando a cara e comprometido naqueles tempos difíceis cun proxecto político e un case imberbe candidato á alcaldía no que poucos acreditaban. E, malia a amargura deste desgarrador momento, gozo sabendo que aquel futuro que augurabamos chegou con Pepe Represas dezaseis anos despois, en 2015, e que aquelas ideas sementadas con agarimo agromaron e botaron vizosas raíces da súa man coma Alcalde. El sabíao e con esa satisfacción do deber cumprido deixounos convencido, coma Raúl Alfonsín, de que "os homes pasan, as ideas quedan e transfórmanse en fachos que manteñen viva á política democrática". Nós manteremos aceso e vivo o lume do facho de honradez, galeguidade e progreso que Pepe nos entregou onte. É o que espera de nós.

Pepe plantoulle cara e a morte non llo perdoou, ensañándose para levalo antes de poder ver esa Ponteareas soñada que era a súa razón de ser. Deixounos coa conciencia de ter sido un servidor público exemplar, marchou coa satisfacción de ter sacado a Ponteareas do pasado dándolle un novo futuro, mais a súa vida apagouse sen poder ver rematados os seus proxectos cos que ansiaba converter Ponteareas nun concello modélico. Pepe non verá xa o seu legado, é certo, pero nós veremos sempre a Pepe en cada un dos lugares nos que deixou a súa imborrábel pegada e a súa memoria sempre nos acompañará o resto dos nosos días. A morte foi vencida.

Até sempre Pepe.

O teu amigo, Roberto Mera

Ata sempre Alcalde!

Por Casilda González Rodríguez

Que comezo de semana máis triste cando me comunicaron o falecemento de Pepe Represas, alcalde de Ponteareas ata hai uns días.

Coñézoo desde tempos mozos e sei moito das súas inxerencias sociais a través dos anos. A súa vida foi unha continúa loita polas causas xustas e polos máis desfavorecidos.

Nestes derradeiros meses, cando o seu deterioro físico mostraba a chegada inminente da morte, houbo un momento no que me preguntei a min mesma: como pode ser que nun corpo tan minúsculo poida entrar tanta bondade, tanta xenerosidade, tanta humildade, tanta capacidade, tanta honestidade, ...? Enchería páxinas e páxinas coas súas virtudes.

Sempre antepoñendo as solucións ante as confrontacións, sempre apostando polo diálogo independentemente da cor política da cadaquén. Foi así como logrou a estabilidade entre diferentes partidos. É máis, as rivalidades veciñais durante tantos anos fóronse calmando cando chegou á alcaldía, e hoxe case podemos afirmar que a verdadeira democracia existe en Ponteareas.

Que valentía mostrou cando nas dúas ocasións que tiña que ingresar inmediatamente no hospital foi ca-

paz de aguantar dous intensos plenos para aprobar o orzamento anual e axilizar os trámites para o Plan Xeral!

Para el, por mala sorte, chegou o peor. Para Ponteareas, de seguir as súas directrices, o mellor está por vir. Deixa a alcaldía en boas mans, tamén as concellerías con persoas da súa confianza.

Pepe, vaste sen ver a Ponteareas que tanto soñaches, quedáronche no tinteiro moitísimas cousas por escribir, loitaches ata o imposible para cumprir moitos dos compromisos que tiñas adquiridos co fin de mellorar a calidade de vida das 24 parroquias... Non sempre foi posible, pero non te preocupes, podes sentirte ben orgulloso polo teu traballo! Sanear o concello non foi tarefa fácil e ti si o acadaches. Agora é máis doado gobernar e avanzar.

Xinzo, a parroquia que te viu nacer, estará conmocionada. Tamén alí fuches moi útil.

A túa entrega polos demais deu moitos froitos, agora a árbore que levabas dentro esmoreceu.

Cando a min me chegue a hora, gustárame coincidir contigo no mesmo tren e no mesmo vagón para retomar as nosas conversas.

Grazas Pepe, por ser tan gran alcalde, tan boa persoa e, sobre todo, por ser tan bo amigo!

Descansa en Paz, ben o mereces.

ENTREVISTA

PONTEAREAS

Cristina Fernández Davila, alcaldesa de Ponteareas

"Nestes momentos o Concello non ten débedas"

Cristina Fernández Davila (BNG) foi elixida pola Corporación Municipal o pasado 21 de maio como a nova alcaldesa do Concello de Ponteareas, trala renuncia por motivos de saúde do ex alcalde Xosé Represas, recentemente falecido (24 de maio)

Anteriormente tiña sido Concelleira de Ensino e Tenente de Alcalde.

Curriculum: Fernández Davila é técnico especialista en Informática de Xestión, de profesión técnica administrativa e funcionaria da Xunta de Galicia no IES "Val do Tea".

Por Guillermo Rguez. Fdez.

Falamos coa Alcaldesa Cristina: Vimos de sufrir o falecemento do alcalde Xosé Represas. Con que sentimento recibe o seu bastón de mando?

Con sentimentos enfrontados. Cun sentimento de orgullo e de honra por representar aos meus veciños pero nunha situación moi triste.

Pensa seguir con este ritmo de dinámica urbanística?

O proxecto do BNG é de equipo, liderado dende o 2015 por X. Represas; nesa liña váiselle dar prioridade a recuperación do espazo público para as persoas. So estamos executando parte das obras dese proxecto global. Remataremos esas obras, faremos mais proxectos. Noutros proxectos que xa están feitos, faremos a correspondente obra.

Estes proxectos forman parte do EDUSI con aquela dotación de 5 millóns de euros ou xa se acabaron?

Aínda non, aínda estamos realizando proxectos desa estratexia.

O que significa poucos cambios?

Non, nesa liña non, porque o proxecto é municipal

Nunha obrigada reestruturación do Goberno Local, vostede vai asumir as áreas que levaba o anterior alcalde?

Non, neste momento o que podo dicir é que alcaldesa vai quedar coas áreas que levaba, aparte da Alcaldía, e vou levar

as áreas de ensino e de saúde e algunha máis. Pero a reestruturación completa aínda non se fixo. Farémola nestes días próximos..

Ultimamente a Oposición (lémbrolle que tamén goberna) ten denunciado unha sistemática negativa por parte da Alcaldía da entrega de documentación da vida do Goberno. Ata acudiron ao Xulgado. Vai seguir a mesma tónica ou vostede pensa introducir algún cambio?

Antes ninguén se negou, igual que agora ninguén se vai a negar. Se nalgún momento algunha documentación que solicitaron non se lles deu, era porque non estaba ou porque non se lle podía entregar. A intención do goberno municipal nunca é que tiveran que ir ao xulgado para solicitar documentación.

Logo vai haber cambios?

Eu o que estou dicindo é que vai a continuar facéndose correctamente.

Seguindo coas denuncias da Oposición poderíamos falar dos problemas da Gardería Infantil Municipal, da Traída de Augas de Ribadetea, ou dos contratos da luz que nun Pleno se acordou municipalizar pero nunca se fixo. Vai seguir todo igual ao a nova Alcaldesa vai imprimir outro ritmo de funcionamento?

Co respecto ao tema da auga, hai unha empresa que está contratada para facer un informe e saber se pode ser municipal ou non. Dependendo do estudo tomaremos as medidas oportunas.

O contrato da auga existente chegou a caducar porque toda a documentación que necesitábamos para licitar a solicitáramos aos xulgados. Cando fora a Pokémon (investigación xudicial levada a cabo en 2012 sobre denuncias de corrupción en Galicia) unha gran cantidade de documentación que retiraron deste Concello foi sobre ese tema en concreto. E ata que non chegou, que foi en setembro do ano pasado, foi imposible licitar nada. O mesmo secretario dixo publicamente que recomendaba non licitar ata que non se recuperara esa documentación. El mesmo fixo os trámites de reclamar ao xulgado esa documentación. **Falemos, un ha vez máis, das contas municipais. No anterior goberno declarouse que as contas estaban por fin saldadas. Resulta que nestes momentos a Oposición denuncia que o Concello está endebedado. Cal é a situación real?**

No 2015 nos atopamos cun concello que debía un montón de facturas, e tiña débedas con provedores, incluso débedas con bancos que eran por facer festas, por traer orquestras ou por comprar pins para regalar. Nós, nestes momentos, temos as contas saneadas. Están saneadas desde o 2018 e a partir de alí tivemos remanente positivo todos os anos, incluso facendo un montón de orzamentos que o goberno anterior non fixera, incluso tendo a obriga no plan de axuste que eles mesmos fixeron de ter un orzamento anual. Nós temos nestes últimos anos,



un orzamento por ano. Neste momento non hai débedas, os créditos que se están pedindo son para adquirir patrimonio e para facer obras. Incluso a maioría dos créditos aos que estamos accedendo son sen xuros.

Neste punto quero recordar que cando gobernaba Salvador e Montoro ofertou a posibilidade de eliminar as débedas municipais, toda a Oposición votou en contra do Plan de Axunte presentado. Obviamente non puído acollerse as medidas de gracia previstas. Por que votaron en contra e deixaron ao concello empeñado?

A oposición daquela pedíamos eliminar a estación de autobuses...

Pedíamos que se rebaxaran os gastos innecesarios e eles o que facían na súa proposta era aumentar os impostos.

Pero iso obrigou O Goberno de Salvador a aceptar unha novas condicións menos beneficiosas. En resume, cando chegou o novo goberno as débedas estaban a punto de extinguirse. Falaban tres anos, 2015, 2016 e 2017. Supuñan 300.000 euros menos de ingresos mensuais.

Pero ao final lle obrigaron ao Concello de Ponteareas a reducir eses ingresos porque o primeiro plan de axustes que fixo a Sra. Belén Villar (ex tenente de alcalde

e actual líder do PP en Ponteareas), cando chegou a Madrid, o mesmo Montoro botoullo para atrás.

A pandemia, que gastos extra lle causou ao Concello? Pode o Concello rematar coas quendas "da fame" que volvemos a ver?

Neste momento non teño cuantificado canto pero si é unha parte moi importante, non só de gasto sanitario en xeral senón de aportación de limpeza.

En canto as quendas da fame estamos atendendo a tódalas familias que teñen necesidade deses recursos alimenticios. Temos un banco de alimentos e apoio de fondos europeos e da Cruz Vermella dúas veces ao ano. Estamos complementando con fondos propios todos os recursos que as familias necesitan que, nestes momentos, é sobre todo leite. Pero se está cubrindo absolutamente todo. Esa é unha parte dos fondos e dos recursos que temos destinados para emerxencia social.

O Concello ten idea de canto lle vai corresponder dese reparto de millóns que veñen de Europa para emerxencia social, para vivendas, para axudar a unha xente que está en situación de exclusión social?

Non, nestes momentos, non sabemos dos fondos europeos que cantidade van recibir os concellos e para que liñas en concreto.

Que interese moveu ao Conce-

Cristina Fernández Davila, Alcaldesa do Concello de Ponteareas

llo para ingresar no Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular?

Por varias cuestións. Unha por aprender e de mirar experiencias diferentes que teñen os socios do Eixo Atlántico; e doutra porque nós tamén temos cousas que mostrarlles a eles, como por exemplo o noso proxecto da rede de calor, na que estiveron sempre moi interesados. E non só en proxectos a nivel urbanístico ou de eficiencia enerxética ou a nivel de recuperación de espazo senón tamén a nivel de actividades educativas, ou culturais. Hai pouco fomos á presentación de Braga como cidade cultural do Eixo Atlántico. Esa suma de forzas é moi interesante para nós.

Tamén están no centro de atención aspectos de seguridade viaria e cidadá co respecto á N-120 e o acceso da autovía A-52. En que fase están?

Alí hai un proxecto que xa miramos na subdelegación do goberno en Pontevedra. Levamos con nós aos veciños da Plataforma N-120. A nós parécenos que está ben pero agora falta que o executen. E ó mesmo tempo temos solicitado que se amplíe tamén ese proxecto ao outro lado do río Tea, da rotonda do Supermercado Froiz ata a zona de Arcos. De feito é tan importante que tivemos que adiantar unha actuación na zona do Barral para dar seguridade ao alumnado.

Hai posibilidade de transformar a Rúa Real nunha avenida municipal?

Si, hai un acordo plenario para facelo. Hai que facer o estudo do que resulte de interese para o Concello de Ponteareas e que nós



poidamos asumir o gasto de mantemento. E obviamente, pasalo a que sexa vía municipal, como unha travesía como ocorre noutras cidades.

Como solucionar a situación das casas actuais?

Algunhas están consideradas de patrimonio municipal e haberá que restauralas. Cada unha terá que mirar en que situación está. **O plan de urbanismo, o PXOM, que empezou no ano...**

2002, cando foi suspendido o plan existente nese momento.

Estamos no 2021. Vai haber PXOM ou non?

Vai haber PXOM. Canto antes. **Acaban de facer un estupendo aparcamento na Finca de Sarmiento. A concelleira de Obras Públicas, Chus Garrote, díxome que alí está previsto un aparcamento subterráneo. É certo?**

É un proxecto que temos, de carácter municipal. Tería que ser municipal, non con empresa privada, dependendo da situación económica.

E no resto da finca, que está

previsto?

Un parque, unha escola infantil.

Algunha instalación para actos públicos, teatrais, culturais?

En principio non.

Edificacións non?

Edificación para escola infantil. E a do Parque Ferro-Ucha é a que está previsto edificar.

Pola que o Concello paga 3.000 euros mensuais, non? Cal é o problema para a súa edificación?

Ter o PXOM aprobado.

E o Auditorio Municipal, cando se derruba?

Non se derruba. O que temos que facer é un proxecto para illar as filtracións.

Pero quen lle pon o cascabel ao gato? O goberno actual? O goberno anterior?

A pregunta é "Quen fixo unha obra dun millón de euros que ao ano seguinte tiña filtracións de auga e ninguén reclamou?"

Pero teño información de que non se cumpriran os dez anos...

As administracións públicas non

teñen seguro decenal para as construcións igual cos particulares. É menos tempo, normalmente un ou dous anos. E nese tempo ninguén do goberno nese momento lle reclamou á Deputación.

Iso vai para largo?

Dependendo do que nos digan os técnicos.

Este ano haberá auditorio?

Este ano saberemos se se pode ir adiante cunha obra que dea seguridade ao público.

Cando fala de obra, será unha obra nova ou tirando o teito?

Unha obra mínima para arranxar e logo para facer unha obra importante onde se reparen todas as xuntas que hai nas galerías, cristaleiras, nas unións entre as paredes verticais, no teito horizontal e no parque infantil da parte superior. Habería que facer por dentro unha obra importante porque está moi humedecido, corre perigo, aínda que a filtración afecta ao patio de butacas grande, non ao miniteatro nin ao escenario.

Sobre a Festa do Corpus Christi

deste ano, que diferencias vai haber? Haberá lectura de Pregón, alfombras...?

Co respecto ao ano pasado será moi parecido, na inauguración (o sábado 5 de xuño) presentaremos a Revista Pregón e faremos a lectura do pregón. A pregoeira deste ano é Maite Isla, e logo actuará a Orquestra da Cámara Galega. E ao día seguinte, o domingo, todos aqueles tramos alfombrados que queiran, que son a maioría, farán as nosas alfombras en versión máis reducida, nun 40%, coa mesma calidade artesanal. Sairá a procesión igual, xa o párroco nolo solicitou, pero manteremos as medidas de distanciamiento. Actuará a Banda Unión de Guláns na Praza Maior.

Emitirase vía Streaming e quedará colgado na nosa páxina web cunha reportaxe audiovisual. Tamén o luns será a imposición de distintivos de homenaxe aos nosos alfombristas.

Alcaldesa, pode dirixirse aos veciños de Ponteareas, nestes tristes momentos de relevo da Alcaldía pola morte ex-alcaldede Pepe Represas.

Aos veciños quería en principio desexarlles dúas cousas. Por unha banda, que a saúde mellore e que poidamos saír desta pandemia. Para iso o Concello fará todo o posible non só para que melloren os negocios e a hostalería senón tamén a nivel familiar, en materia de emprego e de economía familiar. E por outro lado, darlle prioridade a devolver o espazo público a todas as persoas reducindo o CO2 no medio ambiente; iso irá paralelo ás esixencias das directivas europeas a este respecto.

M INMOBILIARIA
MERCA VENDA

Casas
Locales
Fincas
Pisos

Ventas
Alquileres
Tasaciones
Presupuestos

Telfs: 986 642 510 - 645 882 020
Avenida Rosalía de Castro nº4, bajo, 36860 Ponteareas
mercavenda@mercavenda.com - www.mercavenda.com

GNS GALICIA
NAI SEÑORA
SAÚDE, SEGURIDADE E BENEFICIA

Con moito entusiasmo e agarimo pensando en ti

Rúa Progreso, 34 - VIGO
Rúa de Oriente, 11 - PONTEAREAS
Teléf. 886 155 506

CONDADO/PARADANTA

PONTEAREAS

Programa Corpus Christi 2021

Venres 4

20:30 h, Sala multiúsos Auditorio Municipal. Presentación da revista Pregón e do Museo de Corpus a ceo aberto

Sábado 5

20:30 h, Sala multiúsos Auditorio Municipal. Lectura do pregón do Corpus 2021, a cargo de Maite Isla. Concerto a cargo da Orquestra de Cámara Galega

Domingo 6

Durante a mañá, confección de mostras florais nalgúns dos tramos alfombristas. Retransmisión en directo a través das redes sociais do Concello de Ponteareas

20:30 h, Parque da Feira Vella. Concerto da Banda de Música Unión de Guláns

Luns 7 – festivo local

Dende as 10:00 até as 20 h, Rúa Braña. Tobogán acuático

20:30 h, Monumento ao alfombrismo. Ofrenda floral in memoriam

Maite Isla, pregoeira do Corpus 2021 en Ponteareas

O goberno local de Ponteareas vén de anunciar Maite Isla como pregoeira do Corpus Christi 2021.

Natural de Mondariz e veciña de Ponteareas dende a infancia, Maite Isla garda unha gran relación co Corpus ponteareán, grazas á súa colaboración coa festividade e á súa labor como alfombrista en distintos tramos alfombrados ao longo da súa vida.

Maite Isla é unha persoa cunha ampla e recoñecida traxectoria no tecido social de Ponteareas. Vinculada ao sector comercial dende hai 45 anos, foi presidenta durante máis dunha década da asociación de comerciantes da localidade. Ademais, foi vicepresidenta da Federación Provincial de Comercio. Na comunidade educativa ponteareá, Isla tamén participou como presidenta dunha ANPA local.

No ámbito social, a pregoeira do Corpus 2021 é presidenta da Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharaui, colectivo



no que leva involucrada máis de 30 anos na procura de mellorar as condicións de vida tanto dos refuxiados saharauís, como da poboación residente no Sáhara Occidental ocupada por Marrocos. Recentemente, coa aparición da COVID-19, coordinou centos de persoas voluntarias que



confeccionaron máis de 200.000 máscaras, traxes e gorros para o persoal sanitario.

“Maite é un exemplo de persoa loitadora polas causas xustas, con empatía, solidariedade e comprometida co ben común, e iso exemplifica á perfección o carácter das e dos alfombristas ponteareáns”, indicou a

alcaldesa, Cristina Fernández Davila.

A lectura do Pregón terá lugar o sábado 5 de xuño no Auditorio Municipal. O goberno local dará a coñecer en datas vindeiras as actividades que, tendo en conta a situación sanitaria, se poidan realizar para a celebración do Corpus 2021.

ZAPATERÍA
Ángeles Castro
Telf: 986 640 242
Rúa Esperanza, 23 - PONTEAREAS

La Primavera
Floristas y Decoración
Rúa R.Soutullo, 17- PONTEAREAS
986 641 080 Particular 986 661 035
primavera@interflora.es
www.florlaprimavera.com

ZOE
LENERÍA
ESPECIALISTA EN TALLAS DE CORSETERÍA
C/Alameda galega nº3, Ponteareas - TFM 932.47

Galician Brew, Foncalgás Xinzo e Guillermo Rodríguez, Premios “Ponteareas, Lingua e Empresa” 2020

O Concello de Ponteareas entregou os Premios “Ponteareas, Lingua e Empresa”, relativos ao 2020, na Gala da Lingua de homenaxe á escritora Xela Arias Castaño. A través destes galardóns o Consistorio quixo recoñecer o labor de persoas e empresas que, día a día, achegan a lingua, dun xeito normal, aos consumidores e consumidoras e contribúen, deste xeito, ao aumento e mellora do uso social do galego no sector empresarial.

Os premios -unha obra do escultor ponteareán Silverio Rivas e un diploma acreditativo- recaeron en Guillermo Rodríguez Fernández, na categoría de “Traxectoria do uso da lingua ao longo de décadas”, empresario e

xornalista que foi quen de fundar e dirixir empresas editoriais radicadas en Ponteareas e que sacou á rúa A Peneira, un dos poucos xornais en papel escrito integralmente en galego que se mantivo en circulación durante varias décadas; Foncalgás Xinzo SL, empresa de fontanería e enerxías renovábeis, na categoría de “Uso continuado da lingua galega”, polo uso do galego como lingua de comunicación e publicidade da empresa, tanto a través do seu sitio web como das redes sociais, ou campañas publicitarias en calquera soporte; e Galician Brew SL, empresa produtora e comercializadora de cervexas, na categoría de “Incorporación recente ao uso da lingua galega”, pola contribución á visibilización



Premiados, xurado, autoridades e escultor.

da lingua galega na publicidade e etiquetaxe das súas marcas comerciais que chega aos consumidores e consumidoras en galego como sinal de identidade e garantía de orixe.

A alcaldesa en funcións, Cristina

Fdez. Davila, o concelleiro de Lingua, Fernando Groba, e a concelleira de Promoción Económica, Eva Gil, felicitaron e destacaron a importancia de desenvolveren a súa actividade no idioma propio do país e de se converteren nos seus axen-

tes dinamizadores e normalizadores. “Estes premios veñen visualizar e recoñecer aquelas empresas e aquelas persoas empresarias que usan e prestixian co seu uso o noso idioma no seu labor diario” indica o edil de Lingua.

Entregados os premios dos VI Xogos Florais

A Concellaría de Cultura de Ponteareas deu a coñecer as e os gañadores dos VI Xogos Florais, con motivo da recente conmemoración do Día das Letras Galegas, no transcurso dunha gala da lingua na que se homenaxeou a Xela Arias, a quinta muller á que se lle dedica

esta celebración.

Os premiados no certame de poesía recibiron o seus agasallos (unha flor natural, unha figura de artesanía e o diploma acreditativo) da man dos membros do xurado, formado pola dramaturga Laura Porto Cabreiro, pola poeta Teresa Ríos Noya e polo concelleiro de



Cultura, Fernando Groba Bouza.

Na categoría xuvenil, os traballos galardoados foron: “Sintoo adolescencia”, de Anxo Rodríguez Ro-

dríguez; “Limerencia”, de Jennifer Abal Da Silva; e “Crecemos onde existimos” de Sabela Martínez Viéitez. Na categoría de adultos, os

poemas: “Antes da túa fala”, de Jonatan Jorge Guille; “Nai vaca”, de Ana Fernández Melón; e “A toba” de Xosé M. Martínez Glez.

A instalación dos paneis solares do Mercado Municipal afronta a recta final

A instalación abastecerá o Mercado Municipal, o Conservatorio de Música e a Biblioteca Municipal, estimando un aforro do 50% na factura eléctrica.

A pasada semana comezou a instalación de paneis solares no Mercado Municipal de Ponteareas, que avanza a bo ritmo aproveitando a situación meteorolóxica favorable tras unha parada de case dúas semanas por mor da

chuvia.

Xa están colocadas as canalizacións dende a cuberta ata os inversores, que son os encargados de converter a corrente continua que xeran as placas en corrente alterna que vai ao cadro eléctrico da instalación. Están tamén colocados 50 dos 86 módulos totais, e agárdase rematar de montar os restantes módulos a comezos da próxima semana. Con todos os módulos colocados, só

quedará rematar a conexión da instalación para a posta en marcha.

Este proxecto conta co apoio do Instituto Enerxético de Galicia (INEGA) e é unha aposta do Concello de Ponteareas pola sostiabilidade enerxética. A empresa galega Solarz, con sede en Ponteareas, é a encargada de desenvolver este proxecto, e ten por misión fomentar o uso de enerxías limpas e renovables.

ACiP demanda beiravía en Fontenla

No pleno ACiP expoñerá novamente a problemática a través dunha moción que será defendida polo Concelleiro Luís Rodríguez Cerdeira sobre a falta de seguridade viaria ao paso de peóns pola estrada provincial PO 4001 en Fontela.

Este vial, que carece de beiravía para garantir o paso dos peóns, é un lugar moi utilizado como senda verde que comunica os barrios de Canedo con Fontela.

O Concello de BNG-PSOE, sumiso ante a deputación Provincial da calada por resposta.



Desde ACiP volvemos reclamar algo esencial e que non é tan custoso facer, pois as propias cunetas están abertas e canalizando as mesmas teríamos xa unha beiravía de máis 1 metro.

CONDADO/PARADANTA

PONTEAREAS

Aprobada a recuperación do terreiro de Moreira

O Concello de Ponteareas aprobou na Xunta de Goberno Local o proxecto de recuperación do terreiro de Moreira, a explanada nas proximidades da igrexa parroquial, que presenta na actualidade unha gran degradación.

O ámbito específico de actuación está formado pola explanada do terreiro, o camiño que sobe á igrexa parroquial e ao Pazo do século XVII, o tramo de camiño que chega ao cemiterio e o linde co centro cultural situado cara a zona leste deste ámbito, ocupando unha superficie total de 1.980m². Todo este espazo está catalogado, de modo que en cumprimento da Lei 5/2016 de 4 de maio de Pa-



trimonio Cultural de Galicia o proxecto require de autorización previa e vinculante da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

As actuacións proxectadas teñen un custo de 331.177 euros

e contemplan obras de urbanización tales como pavimentación, iluminación pública, saneamento, abastecemento, xardinería e mobiliario urbano, que buscan a mellora do espazo público existente.

O PP denuncia que o auditorio municipal leva meses pechado

O PP solicitou hai meses, os informes técnicos existentes que advertían de falta de seguridade e que recollían algúns dos danos materiais existentes. Nun documento elaborado a mediados de outubro de 2020, a técnica advirte de filtracións sobre o patio de butacas. “Daquela avisóuselle á alcaldesa en funcións Cristina Fernández, para que limitasen o paso a esa zona”.

O PP considera moi grave que sete meses despois non se pro-

poñan solucións e que ademais, con estas advertencias de técnicos municipais se permitise celebrar actos no auditorio ata hai menos de tres meses.

O Grupo Municipal do PP denuncia que o auditorio municipal leva meses pechado e esixe que de forma urxente se informe á oposición dos problemas reais, do plan de mantemento dos últimos anos e de que medidas pensan tomar de forma urxente para que a instalación recupere o seu funcionamento.

Ponteareas convoca axudas para a compra de libros de texto e material escolar

A concellería de Ensino de Ponteareas, que dirixe a alcaldesa Cristina Fernández Davila, vén de convocar un ano máis as axudas municipais de apoio ao estudo, destinadas ao alumnado matriculado en 4º, 5º e 6º de infantil, FP básica, ciclos formativos e bacharelato para o curso 2021/2022.

Con esta convocatoria, o goberno local contribuirá na adquisición de libros de texto e material escolar por parte daquelas familiar con ingresos máis limitados da localidade que non dispoñan de ningunha outra axuda. Para ese obxectivo, o executivo ponteareán destina 20.000€, que

se suman aos 100.000€ que xa se levan destinado nos últimos cinco anos.

A persoa beneficiaria destas axudas será unha das proxenitoras ou titora legal do/a menor para quen se solicitan, podéndose conceder tantas axudas como número de menores teñan matriculados en Educación Infantil, FP Básica, Ciclos Formativos e Bacharelato, ata un máximo de 100€ por menor.

O prazo de solicitudes está aberto ata o vindeiro 20 de agosto, e as bases están publicadas para a súa consulta na web municipal, así como os formularios precisos para a presentación das solicitudes.

O Concello felicita á SD Juvenil e ao CDC Areas pola súa clasificación para a fase de ascenso a Terceira

O concelleiro de Deportes de Ponteareas, Miguel Bouzó, vén de trasladar os parabéns do goberno local á SD Juvenil de Ponteareas e ao CD Cultural Areas tras clasificárense ambos equipos para disputar a fase de ascenso a Terceira División. Lográrono ao rematar a primeira fase da competición en primeiro e segundo lugar, respectivamente, no subgrupo B do

grupo sur da Preferente Galicia.

Ambos clubs disputarán agora un único partido fronte a cada un dos catro equipos clasificados dos subgrupos A e C nunha segunda fase mediante o sistema de liga. Lograrán o ascenso os dous equipos que queden á fronte desta clasificación.

O edil de Deportes destacou “o bo momento polo que está pasando o fútbol ponteareán”,

así como “a importancia de que ambos clubs lograsen esta clasificación para a fase de ascenso como revulsivo para a reactivación deportiva nun ano complicado por mor da pandemia”. Bouzó trasladoulle os mellores desexos a ambos clubs para afrontar estes catro partidos de fase de ascenso, que lle dan a opción a Ponteareas de situarse como unha referencia no fútbol galego.

FUCO PRADO



MONDARIZ

Cinema galego para celebrar o final dun novo curso marcado pola pandemia

O venres, 28 de maio, o alumnado de 3º e 4º da ESO do CPI de Mondariz cambiou as aulas do centro educativo pola sala de cine recentemente instalada no Auditorio do Centro Social de Mondariz para aprender sobre lingua e literatura a través dun visionado do filme "A esmorga" en pantalla grande e un coloquio exclusivo co director Ignacio Vilar. A experiencia repetirase o próximo 4 de xuño coa película "Pradolongo", tamén de

Vía Láctea Filmes e obra de Vilar. "Con esta actividade para o alumnado do CPI de Mondariz queremos incluír a educación na axenda cultural municipal. Cooperar co CPI de Mondariz é fundamental para que a mocidade teña acceso a máis oportunidades formativas complementarias", explica Lita Carballo, concelleira de Cultura e Mocidade e de Educación e Igualdade.

Ademais destas proxeccións dirixidas ao alumnado do CPI de

Mondariz, o Concello de Mondariz organizou con Vía Láctea Filmes outras dúas de entrada libre e gratuita até completar a cabida permitida do Auditorio do Centro Social. O mesmo venres, 4 de xuño, ofrecerase un segundo pase de "Pradolongo" a partir das 21:00 horas; mentres que o sábado, 19 de xuño, pecharase a tempada co filme "Vilamor" a partir da mesma hora. O director, Ignacio Vilar, estará presente os dous días para conversar co público.

A Deputación non cortará as sobreiras centenarias da PO-9202 en Mondariz



O Concello de Mondariz contactou cos técnicos da Deputación de Pontevedra para trasladar as numerosas queixas veciñais referidas á corta das sobreiras centenarias situadas á beira da estrada provincial PO-9202 e, finalmente, confirmaron que non serían cortadas. De seguido, operarios municipais do Concello de Mondariz procederon a rectificar as marcas sobre estas dúas sobreiras para evitar posi-

bles erros durante o proceso de corta de árbores nas beiras das estradas provinciais, que comezará proximamente.

Como as ramas das sobreiras cubren a estrada e resultan incómodas para o paso de vehículos voluminosos, como os autobuses escolares, o Concello de Mondariz xestionará coa Deputación de Pontevedra a poda das mesmas nun futuro próximo para garantir a seguridade viaria sen ter que cortar as árbores.

AporM e PP votan en contra de reclamar a conexión á EDAR de Mondariz-Balneario

O goberno de Mondariz levou ao pleno municipal do 28 de maio unha iniciativa de unidade política cos 11 concelleiros membros da Corporación Municipal (BNG, Alternativa por Mondariz, Partido Popular, PSOE e Cidadáns) para propoñer un acordo que esixa ante o Concello de Mondariz Balneario o desbloqueo das demandas relacionadas coa Estación de Depuradora de Augas Residuais (EDAR), e o cumprimento do convenio asinado en 2005. É unha instalación construída en 2006 no veciño Concello de Mondariz-Balneario para un uso compartido á que o Concello de Mondariz non ten o correspondente acceso.



Despois de meses de negociación frustrada co veciño Concello de Mondariz-Balneario, o goberno propuxo un acordo sobre catro puntos para reclamar con maior forza que se autorizara a conexión do colector xeral de augas residuais construído en 2015 á beira do río Tea. A EDAR ten capacidade técnica para asumir as verteduras equivalentes a 6.000 persoas e só presta

servizo a 2.500 dos dous concellos. Contra todo pronóstico, Alternativa por Mondariz e Partido Popular votaron en contra desta proposta de acordo para demandar os dereitos de conexión.

"Tanto AporM como PP son partidos que estiveron gobernando e coñecen a situación. É incomprendible que non se recoñezan publicamente problemas como este, que comprometen a política municipal de saneamento e a calidade medioambiental do río Tea. A unidade política é fundamental para reclamar uns intereses que son de todo Mondariz, non do goberno de turno", comenta o

alcalde, Xosé Emilio Barros.

Os partidos da oposición que votaron en contra dos catro puntos de acordo propostos pola Alcaldía avogaron por esgotar todas as vías de negociación, ignorando a falta de vontade negociadora que ten manifestado o Goberno municipal de Mondariz-Balneario nos últimos anos e os informes que teñen feito entidades como Augas de Galicia e a Conferencia Hidrográfica do Miño-Sil.

Pola nosa banda, seguiremos presionando para exixir o cumprimento do convenio de colaboración asinado en 2005", conclúe o alcalde Barros.

Cursos para desempregados

O Concello de Mondariz ofrecerá durante o mes de xuño dous cursos gratuítos para persoas desempregadas na aula de informática do antigo CEIP Ríofrío-Vilar. Trátase dunha iniciativa formativa de Red Araña, que o ano pasado xa ofreceu cursos gratuítos dentro dos programas "Muller TIC" e "Talento Emprendedor". No Concello de Mondariz están coordinados polo servizo de orientación laboral e pola OMIX.

O primeiro dos cursos está dirixido a persoas desempregadas de todas as idades e ofrece capacitación en HABILIDADES SOCIAIS E COMPETENCIAS BÁSICAS EN TIC ORIENTADAS Á MELLORA DA EMPREGABILIDADE. Realízase entre o 7 e o 11 de xuño, todos os días en horario de 9:30-13:30 horas. A inscrición estará aberta até o 31 de maio.

O segundo dos cursos está dirixido a persoas desempregadas con idades de entre os 18 e os 35 anos e ofrece formación en ACTIVIDADES DE VENTA E ATENCIÓN AO CLIENTE. Realízase entre o 21 e o 29 de xuño, todos os días en horario de 9:30-13:30 horas. A inscrición estará aberta até o 11 de xuño.

Para solicitar máis información sobre estes programas formativos e inscribirse, hai que contactar co servizo de orientación laboral a través de correo electrónico (orientacion@mondariz.gal) ou coa OMIX de Mondariz a través de teléfono ou WhatsApp nos números 986 656 058 e 680 964 461.

Aínda que teñen preferencia de acceso as persoas empadroadas no Concello de Mondariz, os dous cursos están abertos a interesadas doutros concellos.

Máis información na nosa web

www.novasdoeixoatlantico.com

CONDADO/PARADANTA

A Deputación de Pontevedra impulsa proxecto de mellora peonil en Arbo

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra aprobou o expediente para a contratación das obras de mellora da mobilidade peonil na intersección das EP-5202 e EP-5203, no barrio do ferrocarril do Concello de Arbo. As mesmas teñen un orzamento de 663.200 euros e un prazo de execución estimado de doce meses.

As obras serán financiadas a través dun convenio entre a Deputación e o Concello de Arbo, no que ambas as dúas institucións aportarán respectivamente o 70 e o 30% do orzamento, aínda que a contía municipal correspondente a este ano, de 99.480 euros, será sufragada tamén con cargo a unha achega do Plan Concellos 2021.

O proxecto levarase a cabo nun tramo de case medio quilómetro situado entre a contorna da Capela de San Antonio e a estación de tren, adaptándose a unha contorna singular e aos elementos patrimoniais. Igualmente se habilitará unha zona de convivencia e melloras das redes de abastecemento, saneamento e alumado.

Arbo inviste 90.000 euros na mellora de viais en Cequeliños

Atópase en período de licitación, a través da Plataforma de Contratación do Estado, un vial no barrio da Igrexa, na parroquia de Cequeliños, traballos para os que se conta cunha subvención da Deputación de Pontevedra e cun orzamento de 89.768,94 €.

Para esas obras realizaranse traballos previos e escavacións, desbroce do terreo e demolición dos pavimentos existentes. Amais habilitarase a recollida das augas pluviais no camiño de baixada a igrexa, coa colocación de 92 m tubaxes de PVC de diámetros 315mm e 250mm e arquetas sumidoiro, nos tramos



senalados nos planos. Os traballos inclúen a reposición dunha canalización de rego existente en superficie.

O Concello das Neves volve a ter un axente de policía local



Borja Cachaldora é o novo axente da Policía Municipal de As Neves. Incorporárase o vindeiro 10 de xullo, estará en prácticas ata o 5 de setembro e, de novo, do 23 de decembro ao 31 de xaneiro de 2022, ata a súa toma de posesión oficial o 1 de febreiro.

O novo axente, de 28 anos de idade, completará os seis meses de adestramento regulamentario, a metade deles nas Neves e os outros tres na Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP) na Estrada. Neste tempo recibirá formación en materia xurídica, operativa, asistencial, de tráfico, administrativa, técnica, social, xudicial ou

de investigación.

Borja será o único axente da Policía Local, o primeiro que ten o concello en dous anos e o segundo en toda a súa historia. O seu antecesor, Fernando Fernández, estivo no seu posto preto de tres décadas, ata a súa xubilación en 2019.

A funcións do novo policía abrangerán dende a xestión de tráfico, realización de notificacións e elaboración de informes ata a coordinación coa Garda Civil e os Servizos de Emerxencias, entre outras. Fará o seu traballo nun territorio de 66 quilómetros cadrados, formado por 13 parroquias nas que viven 3.900 veciños.

CL
OS

Reveriano Soutullo, 5 - PONTEAREAS
Telf. 886 216 896 - 670 739 070

www.closzapateria.com

Clos Zapateria



Funeraria Porto
SERVICIOS FUNERARIOS

Telf. y Fax: 986 641 891
Móviles: 608 883 955 y 649 376 959

PONTEAREAS - Pontevedra

PINTURAS

BARCO LEÓN



PINTURA PLÁSTICA - BARNICES
ESMALTES - PAPELES



Los precios más baratos del mercado

PINTAMOS SU CASA . PÍDANOS PRESUPUESTO

Paseo Matutino, 2. 986 660 379 - 686 571 679. Ponteareas
Villanueva, 18. 986 651 145 - 609 366 364. A Cañiza

TALIER
SALÓN

Alfonso Vázquez Fraile, 5 b). PONTEAREAS
CITA PREVIA ☎ 986 641 579
peluqueriatallermt@gmail.com

CRISTALERIA
CONDADO S.L.

Derivados do Vidro

Tel: 986 66 16 42
cristal@crystaleriacondado.com

AVDA. DE CASTELAO, 9
38800 PONTEAREAS
(Pontevedra)



Rúa Reveriano Soutullo, 3 - PONTEAREAS
Cita previa: 986 641 084 - 610 474 930

A CAÑIZA

Sae a Concurso a explotación do servizo do Camping Municipal da Cañiza

O Concello da Cañiza aprobou no Pleno do 27 de maio a contratación do expediente de explotación do camping "Carballo do Marco" mediante a modalidade de concesión demanial.

Segundo manifestou o Alcalde, "O Camping volverá a converterse nunha ferramenta catalizadora do noso turismo, capaz de atraer no verán a máis de 1000 visitantes".

Esta concesión, cun valor de 1.604.283,15€, será por 16 anos e contempla un investimento mínimo por parte da empresa concesionaria de 66.680,00€. Ademais o Concello reservárase o dereito de instalar no recinto un punto de recepción de BTT (Bicicleta Todo Terreno) e o dereito de ocupar varias prazas durante a tempada alta.

O Camping inaugurado en 1994, conta cunha superficie de 10.000 m², e 201 prazas distribuídas en 67 parcelas e 4 bungalows de 4 prazas cada un, ubicadas nunca paraxe con arbolado caducifolio e perenne e chan de herba.



Esta nova concesión incluírá os servizos de explotación e mantemento do camping municipal. Durante o primeiro ano a empresa estará exenta do pago de auga e de enerxía eléctrica así como dun canon anual mínimo de 1.500€ máis Ive (dependerá da oferta que se presente), gastos que asumirá a partires do 2º ano da concesión.

A empresa poderá manter as instalacións abertas durante o período que considere oportuno. Non se considera a concesión executada no caso de que as instalacións do camping non permanezan abertas, polo menos desde o 1 de xullo ao

31 de agosto.

En canto ás tarifas a percibir polas diferentes modalidades de aloxamento e de actividades complementarias, serán responsabilidade exclusiva da empresa sen intervención municipal.

Os servizos de cafetería, bar, comidas poderán ser de uso xeral e non exclusivo dos usuarios do camping, así como o alugueiro de bicicletas e calquera outra actividade sempre que previamente sexa regulado polo concello no regulamento aprobado, cuxas tarifas e horarios estarán expostos ao público.

Telefónica despregará as súas redes de alta capacidade por fibra óptica no rural de A Cañiza

Telefónica está demostrando ter moi comprometida a capacidade de inversión no noso municipio e esta é una moi boa nova para a Cañiza de cara a seguir reconstruíndo e modernizando a localidade", manifestou o alcalde Luis Piña



Máis do 63% do territorio de A Cañiza contará entre 2021 e 2022 con redes de nova xeración e alta capacidade por fibra óptica grazas aos plans de extensión de banda ancha de nova xeración, coñecidos como PEBANG do Ministerio de Transformación Dixital, financiados pola UE a través dos Fondos FEDER de Desenvolvemento Rexional

O obxectivo é transformar as redes no municipio, pasando de cable a redes verdes ou fibra óptica, cunha nova rede de acceso de nova xeración baseado na arquitectura de fibra óptica,

ata o fogar (FTTH) para dar cobertura ao maior número posible de veciños.

Con esta nova infraestrutura de telecomunicacións A Cañiza disporá dunha ferramenta esencial para impulsar outros proxectos e plans enfocados ao desenvolvemento rural e ao crecemento sostible. Coa crise do COVID-19 puidemos comprobar e incluso sufrimos as consecuencias de non contar cunhas modernas redes de telecomunicacións que garantan a conectividade e o servizo universal a todos os cidadáns

O remendón
CERRAJERO

SERVICIO 24 HORAS

- Apertura de portas
- Cambios de cerraduras
- Mantenimento de comunidades
- Duplicado de llaves y teclados
- Automatismos
- Amaestramiento bombillos
- Reparación de calzado

SERVICIO ONLINE
DuplicaX

Rosalía de castro, 61
Salvaterra de Miño

637 764 865
www.cerrajeroremendon.com

REFORZO ESCOLAR • IDIOMAS • TÉCNICAS DE ESTUDIO
PEDAGOGÍA TERAPÉUTICA • TALLERES INFANTILS
FORMACIÓN PARA ADULTOS

TEMPOS
CENTRO DE ESTUDIOS

MATRÍCULA GRATUITA

CLASES DE TODAS AS MATERIAS para alumnos de Infantil, Primaria, ESO e BACH

Reveriano Soutullo, 3 - 1º B

654 07 57 51

milfollas

LIBRERÍA • PRENSA • PAPELERÍA

Carballos, 10 - PONTEAREAS
Telf: 986 66 79 13

Fonte da Vila, 7 - SALVATERRA
Telf: 698 126 552

milfollas@mundo-r.com

ALFESO
Asesoría de Empresa

FISCAL - CONTABLE - LABORAL - MERCANTIL - IMPOSTO SUCESIONES
TODO TIPO DE XESTIÓNS COAS INSTITUCIÓNS PÚBLICAS

Paseo Matutino, 4 - Entlo. B • 36860 PONTEAREAS • T. 986 66 00 00 • F. 986 66 01 03

FORO A PENEIRA DO ALTO MINHO

Presentação do livro sobre os monçanenses na colonização do Brasil

Da Casa de Sende aos Governos do Maranhão, Piauí e Grão-Pará", uma obra da autoria do historiador e investigador Ernesto Português vai ser lançada no próximo dia 26 de junho, sábado, pelas 17 horas, no Jardim da Casa Museu da Universidade do Minho, em Monção.

Editada pela Universidade do Minho (Casa Museu de Monção) e Câmara Municipal de Monção, é uma obra com três centenas de páginas e de capa dura, fundamental para compreender a colonização do Brasil no séc.

XVIII. A obra fala de três gerações oriundas da Casa de Sende que, durante século e meio, tiveram um importante papel na colonização do Brasil e na descoberta da Amazônia.

Ernesto Português, Cidadão de Mérito de Monção, dedicou 12 anos à investigação e estudo da documentação e da problemática dos factos nela constantes (2007 A 2019), a qual também já lhe motivou comunicações em seminários e congressos internacionais, conferências e palestras, bem como artigos em jornais e revistas.



Inaugurada obra de modernização do Portinho e Edifício da Lota no Portinho de Castelo do Neiva

O Ministro do Mar inaugurou a empreitada de Modernização do Portinho, os arrumos e aprestos e o novo edifício da Lota de Castelo do Neiva. Os investimentos, no valor de 1.5 milhões de euros e 734 mil euros respetivamente, fazem parte das intervenções da Polis Litoral Norte que, só na freguesia de Castelo do Neiva, já investiu mais de 6 milhões de euros.

Em Viana do Castelo, o ministro começou por inaugurar a nova lota, que agora dispõe de todas as condições e visitou as obras já efetuadas de modernização do portinho de Castelo do Neiva, que englobou também os arrumos de aprestos. No seu discurso, o ministro sublinhou os importantes investimentos ali efetuados como fundamentais para o desenvol-



vimento da atividade.

A Modernização do Portinho de pesca de Castelo do Neiva representou um investimento global de 2,15 milhões de euros, com taxa de cofinanciamento comunitário de 75% ao MAR 2020.

A empreitada implicou a beneficiação das redes de infraestruturas, requalificação dos pavimentos, reordenamento das áreas exteriores de circulação e estacionamento de embarcações, e de manuseamento das redes e

aprestos de pesca, instalação de um novo guincho na rampa-varadouro, requalificação e expansão dos armazéns de aprestos de pesca, reordenamento e beneficiação do sistema de depósito e recolha diferenciada de resíduos, requalificação/beneficiação da oficina de reparação de embarcações, beneficiação do posto de abastecimento de combustíveis às embarcações e requalificação/beneficiação/ampliação do edifício-lota.

Comboios de Portugal lança comboio entre Valença e Figueira da Foz

A partir do mês de Junho, a COMBOIOS DE PORTUGAL (CP) lança um comboio entre Valença e Figueira da Foz.

Esta nova oferta "consiste no prolongamento do Inter-Regional Valença/Coimbra até à Figueira da Foz". Recorde-se que o Inter-Regional Valença/Coimbra B foi lançado em abril aquando da inauguração das obras de eletrificação da Linha do Minho.

No dia 26 de abril, o comboio partiu de Valença até Lisboa o primeiro comboio Intercidades de sempre.

Num investimento superior a 19 milhões de euros, a intervenção compreendeu a eletrificação do troço da Linha do Minho com cerca 49 quilómetros, entre Viana do Castelo e a fronteira em Valença.

A eletrificação da Linha do Minho entre Nine, no distrito de Braga e Valença, no distrito de Viana do Castelo, foi dividida em duas empreitadas.

Primeiro o troço Nine – Viana do Castelo, concluído em julho de 2019, e depois Viana do Castelo e Valença, onde no domingo iniciam as circulações comerciais com tração elétrica.

Os investimentos na Linha do Minho foram realizados no âmbito do programa de modernização da rede ferroviária nacional Ferrovia2020, participado por Fundos da União Europeia, através do Compete 2020.

A modernização do troço entre Nine e Valença representou um investimento de 86,4 milhões de euros, 67,9 milhões de euros participados pela União Europeia e 18,5 milhões de euros de financiamento nacional.

Com a concretização desta última empreitada, a Linha do Minho fica dotada com o sistema de tração elétrica em toda a sua extensão (134 quilómetros), entre a cidade do Porto e a fronteira com Espanha, em Valença.

Ferry de Caminha vai continuar parado por tempo indeterminado

A Câmara Municipal de Caminha informou, através de nota de imprensa, que decidiu manter a suspensão da travessia em ferryboat para A Guarda por tempo indeterminado, tendo comunicado essa opção ao Alcade da localidade galega.

Segundo a autarquia, "a prioridade dada ao combate à pandemia e aos seus efeitos, obrigou o Município a mobilizar grande parte dos trabalhadores afetos ao ferryboat para o transporte escolar, o transporte de pessoas para o Centro de Vacinação e a limpeza de viaturas e equipamentos, tarefas que a Câmara Municipal não quer colocar em risco e, das quais, não abdica".

Assim sendo e não sendo possível efetuar a viagem entre fronteiras sem grande parte dos tri-

pulantes de embarcação, a autarquia optou por "priorizar o serviço direto aos munícipes dando continuidade ao trabalho de mitigação dos efeitos da COVID 19 no concelho de Caminha".

Para o Presidente da Câmara, Miguel Alves, "não é de bom grado que abdicamos de fazer a travessia do ferry num momento em que a economia está a abrir e os turistas começam a chegar ao concelho em grande número, mas o meu foco, o meu dever e a minha prioridade é combater a pandemia e encontrar soluções para que os nossos alunos possam ter acesso às refeições e para que as pessoas com dificuldades possam ser transportadas até ao Centro de Vacinação Comunitária de Seixas. Não podendo ter as duas situações ativas, opto pela saúde dos meus munícipes".

PUBLICITE (00351) 960 069 934
AQUI comercial.pt@novasdoeixoatlantico.com

3 a 6 de Junho Corpo de Deus – Coca de Monção

As festas do concelho de Monção decorrem entre 3 e 6 de junho. Este ano devido à situação pandémica, não terá os habituais eventos. Assim não será realizada a procissão solene pelo centro histórico, o Cortejo Etnográfico das Freguesias e o tradicional combate entre S. Jorge e a “Coca”. Contudo, Monção apresenta um programa diferente com o brilhantismo de sempre.

Iniciando-se no dia 3, feriado nacional, com alvorada (8h00) e salva de morteiros (12h00), celebra-se, pelas 18h00, a missa solene do Corpo de Deus, com transmissão em direto nas páginas oficiais do Município de Monção, na rede social Facebook.

Decorrerão duas atividades durante o fim de semana de 3 a 6 de junho, das 10h às 13h e das 15h às 19h. A atividade “Escola de São Jorge”, trata-se de uma atividade hípica aberta ao público, com oferta de pequenos passeios a cavalo para adultos e crianças, sendo que a mesma decorrerá no

anfiteatro natural do Souto. Decorrerá no mesmo fim de semana, a atividade “Passeios de Charrete”, passeios que ocorrerão pelo centro histórico de Monção, com duração aproximada de 20 minutos e que proporcionam uma viagem surpreendente por alguns dos locais mais emblemáticos da vila, sendo que os mesmos decorrerão, das 10h às 13h e das 15h às 19h, hora portuguesa.

De 3 a 13 de junho decorrerá exposição “Coca à Varanda”, nas varandas dos prédios circundantes da Praça Deu-la-Deu. Poderão ser visualizadas várias coquinhos ornamentadas e criadas com diversos materiais.

Decorrerá ainda, de 3 a 6 de junho e a 10 a 13 de junho, a atividade “O Ninho da Coca” onde após entrar na boca do dragão, terá de percorrer um labirinto que, sedo que à medida que for avançando no terreno, lhe será dado a conhecer as portas da Fortaleza de Monção, bem como outros aspetos da história local. Destinado ao público infantil e



familiar, o “Ninho da Coca” é um circuito entretido, com uma vertente pedagógica e lúdica.

Tendo como mote a peleja ancestral entre S. Jorge e a Coca, o Município de Monção lança o concurso “Coca de Monção”.

Nesta primeira edição, serão selecionadas trinta propostas para exposição no Museu Monção & Memórias. Individualmente ou em coautoria, as propostas devem ser submetidas até ao dia 30 de agosto. Os principais requisitos são a originalidade e a criatividade.

No dia 2 de outubro, será inaugurada a exposição dos trabalhos apresentados, dando-se a conhecer as três propostas premiadas, cujos valores monetários variam entre 1.000,00 € (1º lugar), 500,00 € (2º lugar) e 300,00 € (3º lugar). Caso entenda, o júri de premiação pode atribuir menções honrosas.

Praia de Moledo é a que tem maior lotação no Alto Minho

A praia de Moledo é a que tem maior lotação no concelho de Caminha segundo a lista anunciada esta segunda-feira, pela Agência Portuguesa para o ambiente.

A referida lista dá conta das ocupações máximas das praias costeiras e fluviais, para cumprir as regras de combate à pandemia na época balnear de 2021.

No Alto Minho, a praia de Moledo é a que tem a maior capacidade de ocupação das praias costeiras de todo o Minho – 4.500 pessoas para uma época balnear que arranca já no próximo dia 15 de junho.

Lotação das praias do Distrito: Arcos de Valdevez: Pontilhão da Valeta (2.100) ; Caminha: Azenhas do Mar – Vilar de Mouros (200), Foz do Minho (1.600), Forte do Cão – Geifa (500), Moledo (4.500), Pedras Ruivas (200) e Vila Praia de Âncora (2.700) ; Ponte da Barca: Ponte da Barca (200) ; Viana do Castelo: Afife (900), Amorosa-Chafé (400), Amorosa-Chafé Sul (400), Arda/Bico (1.400), Cabedelo (800), Cabedelo/Luziamar (800), Carreço (600), Pedra Alta (200), Ínsua (1300), Norte (600), Paço/Carreço (900) ; Vila Nova de Cerveira: Lenta (800)

Pegada Zero - VI Jornadas de Turismo e de Natureza mais radical



De 03 a 08 de junho, o destino de natureza mais radical de Portugal convida à descoberta da região. Com um potencial enorme e cada vez com mais procura, Melgaço tem todas as condições para atividades de Turismo de Natureza, não fosse este concelho estar situado na Área Protegida mais importante de Portugal, o Parque Nacional Peneda. Gerês (PNPG).

Melgaço promove o Pegada

Zero – VI Jornadas de Turismo de Natureza, com o intuito de mostrar o que a região tem para oferecer. Serão vários dias de adrenalina, com uma panóplia de atividades para crianças e adultos. O evento apresenta um programa para o público em geral e um outro para a Fam Trip.

Pode ver o programa em <https://www.cm-melgaco.pt/visitar/feitas-e-eventos/turismo-de-natureza/pegada-zero/>

Festival Internacional de Jardins de Ponte de Lima arrancou

O júri da 16.ª edição do “Festival Internacional de Jardins de Ponte de Lima” selecionou 11 jardins, num universo de 40 propostas oriundas de 14 países de todo o mundo, dos quais são exemplo instituições ligadas ao ensino: Áustria, com propostas oriundas da Boku University of Natural Resources and Life Sciences, Vienna; Polónia, com propostas de alunos do curso de Arquitetura da Academy of Finances and Business “Vistula” e da Vistula University Landscape Architecture Design; Itália, com uma proposta do Liceo Artistico e Musicale “A. Passaglia”, de Lucca; Portugal com os alunos da EPRLIMA, curso de Técnico de Design de Interiores e Exteriores; para terminar o Colégio dos Cedros, de Vila Nova de Gaia.



Como é habitual, as propostas selecionadas pelo júri vão fazer-se representar entre os meses de maio e outubro de 2021.

Sob o tema “As Religiões nos Jardins”, o júri reuniu e avaliou criações provenientes de Portugal, Espanha, Escócia, República Checa, França, Inglaterra, Itália, Áustria, Roménia, Sérvia, Noruega, Polónia, Estados Unidos da América e Brasil.

O evento distinguido internacionalmente em 2013 com o título Garden Tourism Awards, no “North American Garden Tourism Conference”, em Toronto, Canadá, e em 2017 com a distinção “Europe for Festivals, Festivals for Europe” – EFFE Label 2017-2018, aposta na revitalização dos espaços urbanos, na preservação do ambiente e promove as boas práticas do uso dos jardins.

Feira do Livro de 9 e 12 de julho em Ponte de Lima

A 25ª edição da Feira do Livro de Ponte de Lima decorre de 9 a 12 de julho no espaço panorâmico da Expolima. O evento está a ser planeado

para ser desenvolvido numa conjugação entre o físico e o online devido às condicionantes impostas pela situação pandémica atual.

Rio Minho: Governo encantado com futura ponte “este projeto é prioritário”, disse Ministra

Projecto da nova Ponte da Amizade foi apresentado dia 29 de maio. Estiveram presentes o presidente da Câmara de Vila Nova de Cerveira, Fernando Nogueira, a Alcadesa de Tomiño Sandra González, a Ministra da Coesão Territorial, Ana Abrunhosa, entre outras personalidades e individualidades.

A ministra começou por afirmar que “Para o Governo de Portugal, este projeto é prioritário. Todos os projetos que fortalecem a ligação de Portugal e da Galiza são prioritários. Estamos perante um projeto singular, que envolve duas comunidades especiais, lideradas por dois presidentes muito especiais”. As palavras foram proferidas este sábado, pela Ministra da Coesão Territorial, Ana Abrunhosa, durante a sessão de apre-

sentação do Parque da Amizade e do projeto da ponte pedonal e ciclável sobre o rio Minho.

Será a sétima ponte a ligar o Alto Minho à Galiza e vai ser... uma curva. Ao contrário das congéneres, desta vez não será uma estrutura plana e reta, mas sim em arco. Vai unir os concelhos de Vila Nova de Cerveira e de Tomiño, com o objetivo maior de criar aquele que será o maior parque de lazer transfronteiriço da Europa: o Parque da Amizade.

O objetivo deste arqueamento, é permitir vistas sobre o rio e até mesmo sobre o oceano Atlântico, tornando-se “uma linha ligeiramente curvada” que ficará praticamente invisível na paisagem.

Veículos a motor? Nem pensar. Ou se atravessa a pé... ou de bi-

cicleta. Será proibida a circulação de veículos a motor. Terá 330 metros de comprimento e 4,7 metros de largura.

De um lado e do outro, toda uma vasta área verde que promete ser um enorme pulmão a ligar Alto Minho e Galiza: o Parque da Amizade. Terá uma área superior a 245 mil metros quadrados.

“Não queremos saber se existem fronteiras, queremos saber que existem pessoas que vivem de ambos os lados das margens. Se não enriquecermos estes territórios, Portugal e Espanha não serão países por inteiro”, apontou Ana Abrunhosa. “A cooperação Norte de Portugal-Galiza tem sido pioneira. Obrigada por nos desassosseguarem”.

O concurso promovido pelas duas entidades responsáveis foi



ganho pelo gabinete de arquitetos Burgos & Garrido, que criou uma obra leve, transparente, aérea e com muita luz.

A estrutura da ponte foi desenhada de forma a respeitar as vistas dos monumentos dos dois lados do rio e vai acompanhar a disposição arqueada daquela zona.

“Hoje a Europa realiza-se aqui!

Parabéns pelo projeto, vamos fazer dele uma realidade”, garantiu a Ministra.

Com esta nova ponte vai preservar-se também as zonas de vegetação e promover a circulação de pessoas, sem necessidade de interferência com o tráfego da Ponte da Amizade, ali a cerca de 1,5 quilómetros.

LA PARADA

GASOLINERA, CAFETERÍA Y SUPERMERCADO 24H

TELF. 986 484 444

A QUEIMADIÑA A-52 SALIDA 291